

ORDENA O TEXTO

"O EVEREST"

Durante anos, varias expedicións de homes propuxéronse chegar a cima, pero todas fracasaron no intento debido ás durísimas condicións que tiveron que soportar: grosas capas de neve, xistras moi fortes, xélidas temperaturas e escaseza de osíxeno debido á altitude.

Que foi o primeiro que fixeron alí arriba? Pois despregaron as bandeiras dos seus países para fotografarse con elas. Despois, escavaron un buraco na neve e enterraron varias ofrendas. Tras permanecer no cume uns quince minutos, iniciaron o descenso.

A noticia deu rapidamente a volta ao mundo e foron famosos, mesmo proclamados cabaleiros da corte polos reis e raíñas daquel momento.

En 1953, unha nova expedición de Inglaterra saíu con intención de logralo, e tras unha complicada escalada, dúas deles pasaron á historia por ser os primeiros en pisar o cume. Edmund Hillary e Tenzing Norgay conseguiran tocar o punto máis alto do mundo, nin máis nin menos que a 8.850 metros.

Unha das grandes fazañas da humanidade foi conseguir chegar ao punto máis alto da Terra: o Monte Everest na Cordilleira do Himalaya.

